

FALLO DO “XI PREMIO CARLOS CASARES-2012” DE MICRORRELATO, CONVOCADO POLO LICEO DE OURENSE

No Liceo de Ourense, sendo as dezanove horas do día vintecatro de maio de dous mil doce, reúnese o xurado do “XI Premio CARLOS CASARES”, de Microrrelato, convocado por “El Liceo de Ourense”, co patrocínio do Grupo Cuevas. Dito xurado está constituído por Don José Carlos Martínez-Pedrayo García, como Presidente; dona Maite González en representación do Grupo Cuevas, dona Teresa Devesa Graña, dona Loly Conde Fernández, dona Rosa Estevez Redonet, don Segismundo Bobillo Morgade e don Xavier Casares Mouriño, como vogais. Actúa como secretario don Juan Fonseca Moretón.

Logo dun amplo debate sobre os traballos presentados, os compoñentes do xurado acordan por unanimidade conceder o “XI Premio CARLOS CASARES” de Microrrelato, correspondente ó presente ano 2012:

Ó presentado co lema “**LYNYRD SKYNYRD**”.

Aberta a plica correspondente resulta ser o seu autor **dona Yose Álvarez-Mesa**, con enderezo na rua La Fábrica, 14, de Arnao- Asturias. O título definitivo da obra é: “**LA CENA DE DESPEDIDA**”

Consonte ó anteriormente reseñado outórgase o “XI PREMIO CARLOS CASARES” de microrrelato, convocado por “El Liceo de Ourense” correspondente ó ano 2012, e dotado coa cantidade de MIL CINCOCENTOS EUROS (1.500 euros.) con patrocínio do Grupo Cuevas, a **dona YOSE ALVAREZ-MESA**.

O Xurado quere transmitir publicamente a súa felicitación e agradecemento á empresa GRUPO CUEVAS, pola súa achega económica para a dotación do premio deste importante concurso literario.

Tamén quere sinalar a alta calidade dos relatos presentados, resaltando a dificultade da escolla.

De conformidade coas bases establecidas o premio será entregado ó gañador o vindeiro día 26 de maio de 2012, sábado, na sede social do Liceo de Ourense, no transcurso dun acto no que se lembrará a figura do falecido escritor que da nome ó premio, D. Carlos Casares Mouriño, Socio de Honra desta institución cultural.

E non sendo outro o motivo da xuntanza do xurado cualificador do premio, os seus membros asinan a presente acta en proba de conformidade co que antecede, e para que así conste.

José Carlos Martínez-Pedrayo García
PRESIDENTE

Juan Fonseca Moretón
SECRETARIO

Maite González
GRUPO CUEVAS

Teresa Devesa Graña
VOGAL

Loly Conde Fernández
VOGAL

Rosa Estevez Redonet
VOGAL

Javier Casares Mouriño
VOGAL

Segismundo Bobillo Morgade
VOGAL